

NOTA DE PRENSA

HORARIO DA ESO

O PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA APROBA A PROPOSTA DA UGT QUE FORA TRANSACIONADA NA PERMANENTE

O Pleno do Consello Escolar de Galicia incorporará ó ditame sobre o decreto do currículo da ESO a proposta de atribución horaria que a UGT transacionou na Comisión Permanente.

Na sesión plenaria que tivo lugar onte na EGAP (Escola Galega de Administración Pública), debateuse sobre as propostas de atribución horaria das distintas materias. Despois das quendas de defensa, réplica e contrarréplica o resultado da votación foi o seguinte:

PROPOSTA DA ADMINISTRACIÓN:

(que na materia de Tecnoloxía establecía 4 horas obrigatorias e 3 horas optativas en 4º).

Votos a favor: 14

Votos en contra: 9

Abstencións: 11

PROPOSTA DA CIG:

(que propoñía 1 h. menos en Educación para a Cidadanía, 1 hora menos en Relixión, a eliminación do Proxecto Interdisciplinar e 6 horas obrigadas e 3 optativas en 4º para Tecnoloxía).

Votos a favor: 4

Votos en contra: 17

Abstencións: 12

PROPOSTA DA UGT TRANSACIONADA NA PERMANENTE:

(que propón 5 horas obrigadas en Tecnoloxía e 3 optativas en 4º curso).

Votos a favor: 16

Votos en contra: 8

Abstencións: 9

Queda polo tanto incorporada ó ditame a proposta que resultou máis votada polo Consello Escolar de Galicia, que é a da UGT transacionada na Comisión Permanente. Ademais, nesta proposta, contéplase unha hora máis para as materias de E. Plástica e Música, quedando a 2ª Lingua estranxeira con 2 horas obrigatorias en 1º e 2º da ESO e optativa nos seguintes cursos.

O ditame global foi aprobado con 16 votos a favor, 3 en contra e 13 abstencións.

Os membros do Consello Escolar de Galicia que representan á Unión Xeral de Traballadores queren agradecer o apoio que recibiu o seu traballo e as súas propostas en relación co currículo da ESO, e insta, e espera da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que teña en conta o texto do ditame á hora da promulgación definitiva do decreto.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2007.

SECRETARÍA XERAL DE FETE-UGT GALICIA